

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Literatura medieval galego-portuguesa				
Materia	Literatura medieval galego-portuguesa			
Código	V01G400V01921			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Correo-e	freixedo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval galega portuguesa no seu contexto histórico e cultural.			

Competencias	
Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
C10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudios culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer as claves históricas, socioculturais, políticas, etc. que constituíron o contexto de produción da literatura medieval.	A2 A5	B1		D3 D9
Saber valorar na súa xusta medida a importancia da cultura popular e da cultura intelectual, así como da interrelación entre ambas, na literatura medieval. Familiarizarse cos mecanismos de difusión da cultura na Idade Media.			C3 C6 C7 C10	D10
Familiarizarse cos mecanismos de difusión da cultura na Idade Media.	A2	B1 B2 B7	C3 C6 C10	D8 D10 D11
Coñecer as obras fundamentais da literatura medieval galega e portuguesa nos seus diferentes rexistros ou xéneros. Saber identificar as concomitancias destas obras coas doutras tradicións literarias europeas, así como saber identificar e valorar as particularidades formais e conceptuais específicas de cada obra, en relación co marco literario románico en que se encadran.			C3 C10	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Saber percibir a evolución estética e/ou ideolóxica dalgunhas manifestacións literarias ao longo da Idade Media.		B1 B9	C3 C6 C9 C10	D2 D3 D6 D9 D10 D11 D12
Coñecer e saber empregar en análises de casos concretos, os conceptos, a terminoloxía e as metodoloxías deste ámbito de estudo.	A1	B2 B7 B9	C6 C10	D8 D11

Contidos

Tema	
1. Contextualización xeográfica, histórica, cultural, sociolóxica e lingüística da literatura galego-portuguesa medieval.	-O espazo xeográfico, social e político. -Cultura intelectual e cultura popular. Os espazos da cultura intelectual. -A difusión da cultura na Idade Media.
2. O concepto de 'literatura' e de 'creación literaria' na Idade Media.	-Tradición e orixinalidade na literatura medieval. -Literatura para escoitar e literatura para ler. -A obra manuscrita e os azares da transmisión. -Os conceptos de autor e de xénero na Idade Media.
3. A lírica profana galego-portuguesa. -Tradición e orixinalidade na poesía medieval.	-Cuestións de poética e de retórica medieval. -Xéneros ou rexistros poéticos galego-portugueses no contexto románico. A cantiga de amor, a cantiga de amigo, a cantiga de escarnio e maldizer, outros xéneros pouco representados. -Lírica pretrobadoresca en romance. -Cronoloxía e xeografía da manifestación cultural trobadoresca galego-portuguesa. -A transmisión manuscrita.
4. A lírica relixiosa: As Cantigas de Santa Maria.	-As CSM no marco da tradición haxiográfica medieval. -Concepción e evolución do proxecto das CSM. -A cuestión da autoría das CSM. -Formas métricas e estróficas das CSM. -Estrutura interna das CSM narrativas. -Especificidade das cantigas de loor.
5. A prosa medieval galega.	-A materia antiga. -A materia de Bretaña. -A materia rolandiana.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	4	20	24
Estudo de casos	8	10	18
Traballo tutelado	4	22	26
Seminario	4	10	14
Lección maxistral	26	20	46
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Estudo previo	Para algúns temas o profesor indicará bibliografía específica que o alumnado deberá ter lida antes da exposición teórico-práctica dos mesmos na aula
Estudo de casos	De xeito complementario e simultáneo coas sesións maxistrais, realizaranse estudos e comentarios de casos relacionados co aspecto teórico que se estea a explicar nese momento. OS ALUMNOS SEMIPRESENCIAIS poderán recibir orientacións sobre estas explicacións nas titorías individuais (sexan presenciais ou remotas), indicaráselles a bibliografía que pode substituílas ou complementalas, e disporán en Faitic de material específico.
Traballo tutelado	Realización de pequenos traballos sobre temas do programa, supervisados polo profesor.
Seminario	Tratamento teórico-práctico de algunhas cuestións específicas do temario da materia.
Lección maxistral	O profesor realizará na aula unha explicación teórica e práctica dos contidos da materia. OS ALUMNOS SEMIPRESENCIAIS poderán recibir estas explicacións nas titorías individuais (sexan presenciais ou remotas), indicaráselles a bibliografía que pode substituílas ou complementalas, e disporán en Faitic de material específico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Tanto na aula como en horas de titoría, os alumnos deberán realizar as consultas que consideren precisas sobre a materia de estudo, o traballo diario, os exercicios propostos, etc. Os alumnos deberán presentarlle individualmente ao profesor un índice do proxecto de traballo tutelado. Antes de entregar o traballo definitivo deberán presentarlle ao profesor, obrigatoriamente e de xeito individual, un borrador completamente desenvolvido do traballo.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo previo	Valolarase a lectura da bibliografía previa á exposición teórico-práctica dos temas.	15		B1 B2 B9	C3 C6 C7	D3 D6 D8 D9 D10 D11
Estudo de casos	Valorarase a participación dos alumnos na resolución de exercicios e no comentario dos casos propostos na aula. Valolarase a elaboración de pequenos ensaios a partir de lecturas breves, etc.	20	A1	B1 B2 B7	C3 C6 C7 C9 C10	D2 D3 D6 D8 D10 D11 D12
Traballo tutelado	Realización dun traballo escrito (8 folios) sobre un aspecto do temario.	25	A1 A2	B1 B2 B7	C6 C9 C10	D2 D3 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización dun exame teórico-práctico.	40	A2		C3 C6 C7 C9 C10	D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira edición das actas.

Dúas modalidades de avaliación:

a. A **avaliación continua** (a descrita máis arriba) que inclúe un exame teórico-práctico que se realizará na data oficial establecida pola FFT (40% da nota).

b. Á parte da avaliación continua, o alumnado ten a posibilidade de optar polo **sistema de avaliación única**, consistente na realización dun único exame teórico e práctico (70% da nota) sobre todos os contidos da materia, que se realizará na data oficial establecida pola FFT, e na elaboración dun traballo tutelado (30% da nota) que se entregará o mesmo día do

exame oficial .

Ao alumnado que opte polo sistema de avaliación continua recoméndaselle a asistencia regular ás aulas.

2. Segunda edición das actas (xullo):

O alumnado terá só opción á **avaliación única**, consistente na entrega do traballo tutelado (30% da nota) e na realización dun exame teórico sobre os contidos da materia (70% da nota).

Importante: Sexa cal for a modalidade de avaliación e a convocatoria, é preciso participar en todas as probas propostas en cada caso.

O alumnado que opte pola modalidade de avaliación única, en calquera das dúas edicións das actas, deberá acordar o tema do seu traballo co profesor con antelación suficiente (mínimo dous meses antes da data de entrega). É responsabilidade do alumnado contactar co profesor para marcar o tema do traballo.

Modalidade semipresencial.

O alumnado en réxime de semipresencialidade poderá consultar os materiais e as prácticas a través da plataforma FAITIC, onde se irán colocando paulatinamente.

Haberá sesións quincenais de titoría, ás que é conveniente que asistan para un mellor seguimento do curso.

A avaliación do alumnado semipresencial, que tamén poderá optar entre avaliación única ou continua, será a mesma que para o alumnado presencial.

Observacións.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma FAITIC (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Arias Freixedo, X. B, **Antoloxía da Lírica Galego-Portuguesa**, Xerais, 2003
Arias Freixedo, X. B, **Per arte de foder. Cantigas de escarnio de temática sexual**, Frank & Timme, 2017
Beltrán, V, **A Cantiga de amor**, Xerais, 1995
Brea, M. e Lorenzo, P, **A cantiga de amigo**, Xerais, 1998
Dronke, P, **La lírica en la Edad Media**, Seix Barral, 1996
Fidalgo, Elvira, **As cantigas de Santa Maria**, Xerais, 2002
Lanciani, G e Tavani, G., **As cantigas de escarnio**, Xerais, 1995
Lanciani. G. e Tavani, G. (ed.), **Dicionario da literatura medieval galega e portuguesa**, Caminho, 1993
López Carreira, A, **O Reino Medieval de Galicia**, Edicións A Nosa Terra, 2005
Mettmann, W., **Afonso X o Sábio. Cantigas de Santa Maria**, Castalia, 1986-1988-1989
Monteagudo, H, **En cadea sen prijon. O cancioneiro de Afonso Paez**, Xunta de Galicia,
Oliveira, Antonio Resende de, **Trobadores e xograres**, Xerais, 1995
Pallares, Mª C. e E. Portela,, **Idade Media, en Nova Historia de Galicia,**, Tambre, 1996
Pena, X. R., **Historia da literatura medieval galego-portuguesa**, Sotelo Blanco, 2002
Rodríguez Guerra, A. & Arias Freixedo, X. B. (Eds.), **The Vindel Parchment and Martin Codax /O Pergamiño Vindel e Martin Codax**, John Benjamins Publishing Company, 2018
Souto Cabo, J. A., **Os cavaleiros que fezeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa**, Editora da UFF, 2013
Tavani, G., **A poesía lírica galego-portuguesa**, Galaxia, 1986
VV.AA., **História da Literatura portuguesa. Vol. I. Das Origens ao Cancioneiro Geral**, Publicações Alfa, 2001
VV. AA., **Historia da Literatura Galega, Idade Media, v. XXX**, Hércules de Edicións, 2000
VV. AA, **Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica**, CILRP, 2996
-www.cantigas.fcsh.unl.pt,
www.cantigasdesantamaria.com/,
www.glossa.gal,
sli.uvigo.es/RILG/,

www.universocantigas.gal,

Bibliografía Complementaria

Gutiérrez, S. e Lorenzo, P., **A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media**, Universidade, 2001

VV. AA., **História crítica da literatura portuguesa. Idade Média (vol. I). C. Reis e A. F. Días (Dirs.))**, 1998

Zumthor, P., **Éssai de poétique médiévale,**, Editions du Seuil, 1972

Recomendacións